



CONCELLO DE SANTIAGO

ASUNTO: Avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual núm. 18 do PE-1. Incorporación ao catálogo da pintura mural de urbano Lugrís na rúa do Franco núm. 56. Unidade edificatoria 511224

Expediente: 2023AAE2859

[Exp. Municipal: 2023/00050024A]

O 20.12.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago no que solicita a emisión do informe ao que se refire o artigo 17.2 da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, en relación á modificación puntual núm. 18 do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1) para incorporar ao catálogo a pintura mural de urbano Lugrís na rúa do Franco núm. 56, unidade edificatoria 511224 (en diante MP18). Achega a proposta de modificación puntual e a resolución núm. 2023/15.635, do 18 de decembro de 2023, do concelleiro Delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á citada proposta.

INFORME

1. Características do planeamento

Obxecto: garantir a conservación e protección dun mural realizado no ano 1954 por Urbano Lugrís González, un dos grandes creadores galegos da primeira metade do século XX, que goza dun relevante interese como unidade singular.

Ámbito de actuación: inmovible situado no solo urbano consolidado da cidade histórica de Santiago de Compostela, en concreto na rúa do Franco núm. 56 (referencia catastral 7276825NH3477E0001WX), e incluído no catálogo do PE-1 como unidade edificatoria 511224. Na ficha de catalogación do inmovible, este identifícase como de interese ambiental (nivel 4 de catalogación dos previstos no PE-1).

Proposta: modificar as condicións de catalogación da unidade edificatoria 511224 para incluír no catálogo a citada pintura mural existente no inmovible. A inclusión do mural como elemento singular na ficha de catalogación do inmovible é coherente co criterio prevalente de garantir a súa protección *in situ*, reforzando a súa relación co lugar para o que foi creado.





2. Incidencia ambiental

A MP18 afecta estritamente ás determinacións normativas de protección contidas na ficha da unidade edificatoria 511224 que inclúe o catálogo do PE-1, non altera a zona de influencia do plan e terá previsiblemente efectos positivos sobre o patrimonio cultural, xa que favorecerá a conservación e protección dunha pintura mural dun dos grandes creadores galegos da primeira metade do século XX.

3. Pronunciamento

Tendo en conta o anterior concluímos que, ao abeiro do disposto nos artigos 16 e 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non é necesario someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a "Modificación puntual núm. 18 do PE-1. Incorporación ao catálogo da pintura mural de urbano Lugrís na rúa do Franco núm. 56. Unidade edificatoria 511224", no concello de Santiago de Compostela.

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

(asinado con sinatura dixital)

